

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta consellería ven de formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 07.07.2026 ata o 16.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a cabo esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 (DOG número 252, do 31 de decembro de 2025) figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer unha serie de melloras nos seguintes apartados:

1º) Melloras nas instalacións da sede da federación mediante a adquisición e instalación de equipos de regulación de temperatura para o salón de actos e a adquisición e instalación de cartelería exterior na sede da federación coa finalidade de mellorar a imaxe das instalacións e da entidade.



2º) Melloras nos equipamentos da federación mediante a adquisición dun sistema de audioconferencia para o seu uso nas reunións coa finalidade de mellorar a calidade acústica da sala de reunións cando se realizan reunións en liña ou mixtas.

3º) Mellora da promoción das confrarías de pescadores coa realización de accións formativas e divulgativas consistentes na actualización da páxina web da federación e a realización dun curso de formación en informática (IA, novas aplicacións, chat GPT) para persoal e socios das confrarías de pescadores galegas e as súas federacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez
(asinado dixitalmente)

